

**ANUNCIO DA LICITACIÓN DO GALP8
PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AUDITORÍA DE PROXECTOS E GASTOS DE XESTIÓN
(FUNCIONAMENTO E DINAMIZACIÓN) COFINANCIADO POLO FONDO EUROPEO MARÍTIMO,
DE PESCA E DE ACUICULTURA (FEMPA)**

1. ENTIDADE DE CONTRATACIÓN

Entidade de contratación	Grupo de Acción Local do sector Pesqueiro da Golfo Ártabro Sur CIF: G-70184494
Órgano de contratación	Presidencia do GALP Golfo Ártabro Sur
Persoa de contacto	Federico Enrique López Viñas. Xerente do GALP8
Obtención de documentación e información	▪ Enderezo: Avda. Do Porto Nº21 Baixo (Casa do Mar) 15160 Sada, A Coruña. ▪ Teléfonos: 881896417/ 617867820 ▪ Correo electrónico: galp.mar.golfoartabrosur@xunta.gal ▪ Web do contratante: https://galp.xunta.gal/golfo-artabro-sur/licitacions
Data de publicación do anuncio	12 decembro de 2023
Data e hora límite de obtención de documentación e información	Ata 21 de decembro de 2023

1

2. TRAMITACIÓN E PROCEDEMENTO

Tramitación	☒ Ordinaria ☐ Urgente		
Procedemento (segundo a Instrución 1/2023 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, dispoñible en: https://galp.xunta.gal/normativa)	☒ Procedemento II, para gastos derivados de necesidades continuas dos GALP ou esporádicas con determinados valores estimados.		
Contrato suxeito a regulación harmonizada	☐ Si ☒ Non	Subdivisión en lotes	☐ Si ☒ Non
Admisión de prórroga	☒ Si ☐ Non	Revisión de prezos	☐ Si, segundo a modificación do contrato prevista no PCAP ☒ Non procede
Admisión de variantes e/ou melloras	☐ Si ☒ Non	Admisión de subcontratación	☐ Si ☒ Non

3. CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

Tipo de contrato	Contrato de Servizos
Descrición da licitación	O obxecto deste contrato é a prestación do servizo de Auditoría de proxectos e gastos de xestión (funcionamento e dinamización) do GALP como entidade sen ánimo de lucro e colaboradora da Consellería do Mar para a xestión do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA).
Prazo de execución	O período de prestación do servizo comprenderá desde a formalización do contrato 1 de xaneiro 2024 ao 31 de decembro do ano 2024.
Prórrogas	Non se admiten prórrogas no prazo de execución do servizo. Admítese prórroga do contrato. A prórroga será anual do (1 de xaneiro a 31 de decembro) e obrigatoria para o contratista, se o GALP8 avisa previamente cunha antelación mínima dun mes á data de remate do contrato. En ningún caso o contrato poderá prorrogarse mais alá do 31 de decembro de 2026.
Calendario para a prestación do servizo	Segundo o especificado no apartado 5 do Prego de Prestacións Técnicas (PPT).

4. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Segundo o especificado no apartado 8 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP).

Criterios avaliados de xeito automático	▪ Oferta económica: 100 puntos (puntuación máxima). Darase a máxima puntuación á oferta económica mais baixa das admitidas, e que non incorra en baixa temeraria. As restantes ofertas acadarán a puntuación que lles corresponda de acordo coa seguinte fórmula: $P_i = PM \frac{(OL - O_i)}{(OL - OB)}$ Pi = Puntuación da oferta a valorar PM = Puntuación máxima do criterio OL = Orzamento de licitación (sen IVE) OB = Oferta mais baixa das presentadas (sen IVE) Oi = Oferta a valorar (sen IVE)
Criterios avaliados mediante xuízo de valor	Non existen



5. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO E ORZAMENTO DE LICITACIÓN

Valor estimado total do contrato	19.090,92 €(IVE excluído)	
Prazo de execución	12 meses	
Orzamento de licitación	Importe base de licitación	289,26€ por informe Total 6.363,64 €
	IVE (21%)	60,74 € por informe Total 1.336,36 €
	Importe total de licitación	350 ,00€ por informe Total 7.700,00 €
Financiamento	Esta contratación financíase nun 70% polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA). <i>Regulamento (UE) 2021/139 do Parlamento Europeo e do Consello, de 7 de xullo de 2021, polo que establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/1004.</i>	

As prórrogas serán de 12 meses e o seu importe será o importe base de licitación prorrateado para 12 meses como se reflexa na seguinte táboa.

REPARTO POR ANUALIDADES DO ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN INCLUÍDAS AS PRÓRROGAS

	Ano 2024	1ª prórroga 2025	2ª prórroga 2026	TOTAL
Orzamento (IVE excluído)	6.363,64 €	6.363,64 €	6.363,64 €	19.090,92 €
IVE	1.336,36 €	1.336,36 €	1.336,36 €	4.009,08 €
Orzamento(IVE incluído)	7.700,00 €	7.700,00 €	7.700,00 €	23.100,00 €

***IMPORTANTE:** Ante a imposibilidade de prever o número de proxectos que se presentarán por convocatoria, establécese que o prezo por informe de auditoría emitido ascenderá a 289,26 € + IVE. En caso de superar este número de proxectos, minorarase o prezo dos informes dos mesmos, non podendo superar o orzamento total anual os 6.363,64 € + IVE. Deberán presentar informes auditoría de xustificación de todos os proxectos parciais, finais e dos gastos de funcionamento e difusión trimestral e de aqueles que se solicite anticipo. Non se considerarán informes as aclaracións e correccións que se realicen dun informe previo realizado.

6. REQUISITOS ESPECÍFICOS DO CONTRATISTA

Solvencia económica e financeira	Segundo o especificado no apartado 3 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP).
Solvencia técnica e profesional	Segundo o especificado no apartado 3 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP).
Outros requisitos de cumprimento obrigado	Segundo o especificado no apartado 4 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP).

7. PRESENTACIÓN DE OFERTAS

Lugar de presentación	Por correo certificado enviado á sede do GALP Golfo Artabro Sur, situada na seguinte dirección: Avda. do Porto Nº21 Baixo. Debe acreditarse a data de envío pola oficina de correos, sendo preceptivo o envío do xustificante de presentación por correo electrónico á dirección galp.mar.golfoartabrosur@xunta.gal dentro do prazo de presentación de ofertas sinalado neste mesmo apartado.
Prazo de presentación	O prazo máximo para a presentación de ofertas é de 7 días hábiles (dende o 10 ata o 19 de outubro de 2023) contados a partir do día seguinte a publicación do anuncio de licitación na páxina web do GALP Golfo Ártabro Sur: https://galp.xunta.gal/golfo-artabro-sur/licitacions. Se o último día de presentación coincide en sábado ou día inhábil, o prazo de presentación rematará o primeiro día hábil seguinte. Non se admitirán ofertas presentadas fora de prazo.
Forma de presentación	A documentación necesaria e preceptiva presentarase en dous sobres pechados: - SOBRE A: Declaración Responsable (*) da persoa ou entidade licitante (segundo o modelo do Anexo II do PCAP), compresiva do cumprimento de todos os requisitos esixidos no Prego de Cláusulas Administrativas e a declaración xurada de cumprimento de requisitos por parte do licitador (segundo o modelo do Anexo III do PCAP) (*) As persoas ou empresas licitantes, coa presentación da Declaración Responsable, exímense de presentar toda a documentación acreditativa do cumprimento, que será requirida e deberá ser presentada unicamente pola persoa ou empresa que resulte adxudicataria. - SOBRE C: Oferta económica e documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos suxeitos a criterios avaliábles de xeito automático, mediante fórmulas ou porcentaxes (segundo o modelo do Anexo IV). A inclusión no SOBRE A de calquera información relativa ás características do contrato ou da oferta económica, será causa de exclusión do procedemento de licitación da persoa ou entidade licitante. As ofertas presentadas, e toda a documentación preceptiva, deberán vir asinadas pola persoa licitante ou representante legal da entidade licitante, debendo figurar unha folla independente na que se relacione o contido da oferta que se presenta (índice do contido dos documentos que se presentan e da documentación anexa). No SOBRE A deberase indicar, en folla aparte, os datos entidade



	licitante: nome da entidade, nome da persoa representante legal da entidade, persoa responsable e de contacto aos efectos da licitación, dirección postal, teléfono de contacto e dirección de correo electrónico na que a entidade de contratación realizará as notificacións derivadas da presente contratación.
Prazo durante o cal a persoa ou entidade licitante está obrigada a manter a súa oferta	Dous (2) meses contados desde a data de apertura de proposicións.

8. APERTURA DE OFERTAS

Descrición	Apertura pública do SOBRE C.
Lugar	Avenida do Porto Nº21 Baixo (Casa do Mar) 15160 Sada, A Coruña
Data e hora	Publicarase na web https://galp.xunta.gal/licitacions a data e a hora da apertura das ofertas.

9. DOCUMENTOS ADXUNTOS

- Prego de Cláusulas Administrativas e Particulares (PCAP).
- Prego de Prescricións Técnicas (PPT).

En Sada, a 12 de Decembro de 2023.

Alberto Luis Castro García
Presidente GALP Golfo Ártabro Sur